

A PRIMAVERA DE TRASDEZA. ENTRE MARZO E MAIO DE 1809. FACTORES FÍSICOS E CRONOLOXÍA DOS FEITOS BÉLICOS ASOCIADOS Á BATALLA DE PONTE LEDESMA

Juan López Bedoya
José Ramón Pérez Salgado

Resumo

Entre marzo e maio de 1809, o paso fluvial de Ponte Ledesma e a comarca de Trasdeza foron testemuñas de crús enfrontamentos entre as tropas napoleónicas e as milicias galegas. No control do territorio foron claves o medio físico e o coñecemento viario. Os acontecementos aquí descritos son un exemplo de que a Guerra da Independencia no noroeste da Península tivo unha transcendencia e unhas repercusións maiores do que tradicionalmente se vén transmitindo.

Palabras chave

Ponte Ledesma, franceses, batalla, cronoloxía, Trasdeza

Abstract

Between March and May 1809, the river crossing of Ponte Ledesma and the region of Trasdeza witnessed fierce clashes between the Napoleonic troops and the Galician militias. In controlling the territory, the physical environment and road knowledge were key. The events described here are an example of how the War of Independence in the north-west of the Peninsula had a greater significance and repercussions than what has traditionally been conveyed.

Key Words

Ponte Ledesma, French, battle, chronology, Trasdeza

1.- CONTEXTUALIZACIÓN CRONOLÓXICA E ESPACIAL

A Batalla de Ponte Ledesma é un dos eventos bélicos máis coñecidos en Galicia, especialmente nomeado nas comarcas que abeiran o tramo final do río Ulla. Os sucesos ocorridos en torno a este paso fluvial entre

marzo e maio de 1809 circunscríbense á ocupación francesa do noroeste da Península, dentro de Guerra da Independencia. Se ben o Tratado de Fontainebleau firmado polo ministro Godoy trouxo en consecuencia unha ocupación gradual da Península ó longo do ano 1808 e, con ela, as primeiras revoltas especialmente centradas entre abril e maio, non foi ata xaneiro de 1809 que as tropas de Napoleón entraron en Galicia, deixando a Asturias como único territorio “*libre*”. A estancia durou apenas medio ano pero non por iso deixou de ter sangrientos enfrontamentos, levantamentos da poboación, saqueos, persecucións, queimas deliberadas de aldeas e unha permanente sombra de acusación por afrancesamento entre algúns destacados persoeiros locais, nunha espiral que medrou a base de respostas contundentes a afrontas anteriores. Estas só esmoreceron coa fuxida das tropas napoleónicas no último día do mes de xuño dese famoso ano de 1809.

A ocupación napoleónica de Galicia abrangueu pois a primeira metade do ano 1809, brevidade que non estivo fundamentada nunha desidia dos galos por controlar o noroeste nin foi resultado dun desastre bélico que partise do descoñecemento que tiñan do territorio. Ó contrario, Galicia foi un territorio estratéxico para acadar o obxectivo prioritario de facerse con Portugal atacando polo norte (González Lopo 2010). Esta afirmación está asegurada polos propios “*Commentaires*” de Napoleón e as confesións feitas na illa de Santa Helena en relación coa súa interpretación das hostilidades conxuntas dos ingleses e austríacos, como queda ben reflectido na obra do comandante Balagny (Balagny 1906: 83):

“... Je dus renoncer au plan que j’avais formé pour assurer la soumission entière de l’Espagne; je voulais de la Corogne marcher sur le Portugal et revenir par Cadix à Madrid”.

González Lopo divide o conflito napoleónico en Galicia en tres etapas. A primeira comprendeu os meses iniciais do ano, nos que tivo lugar unha ocupación rápida e fácil do territorio¹, ante a cal a resposta non foi homoxénea.

1. (Pardo de Andrade 1892b: 38-39) Este autor calcula en número de 60.000 os soldados que introducen en Galicia os xenerais Soult e Ney, reducidos a 20.000 no momento da retirada, acadando as forzas galegas progresivamente volumes maiores ata os 26.000.

A retirada das tropas británicas da Península por Galicia, reunificadas na figura de Sir John Moore e que buscaban o porto da Coruña para embarcar definitivamente para Inglaterra condicionou a resposta das diferentes vilas á chegada dos franceses. Se a pillaxe das tropas anglosaxonas en Lugo e Betanzos fixo que non se ofrecese resistencia ós franceses, na cidade da Coruña a poboación ofreceu unha axuda entusiasta a Moore na batalla de Elviña (González López 1975/Núñez Lendoiro 2013). En Santiago, malia chamada inicial á resistencia, recibíuse ós franceses en paz, mentres en Ferrol a negativa inicial a permitirilles a entrada mudou en poucos días ante a imposibilidade de ofrecer unha resistencia militar con garantías. Trala chegada de Soult o día 9 de xaneiro a Lugo, Betanzos viu a entrada dos franceses o 11 do mesmo mes, como Santiago o fixo día 17 e A Coruña capitulou o 19, seguida de Ourense² o 20 e Pontevedra o 21. Se o día 25 quedaba en mans dos galos Mondoñedo, Ferrol, tras un cerco progresivo de varios días, firma a rendición a través dos deputados da Xunta da cidade ás 4 horas da madrugada do día 27 (Balagny 1906: 278). As últimas vilas en caer foron Vigo, o derradeiro día de mes e Tui o 3 de febreiro (Osuna Rey 2008). Pronto, a requisa de víveres, os impostos e a violencia dos franceses acabará coa tensa desconfianza local e provocará os primeiros levantamentos e oposicións como resposta ás hostilidades galas, respondidas á súa vez polos franceses con fortes represalias. Estas xeraron novas oposicións nunha espiral progresiva que desatará a segunda fase.

Seguindo coa proposta de González Lopo, a segunda fase comprendeu os meses de marzo e abril. Nela, trala asunción inicial da ocupación, o rearme galego irá fraguándose ó abeiro dos levantamentos comarcais, momento no que os enfrontamentos armados son xa un feito, cunha resistencia galega que se vai fortalecendo dende as chamadas de clérigos e militares e a organización das xuntas e alarmas comarcais, dando lugar a unha insurrección en toda a rexión. A organización da resistencia logra a formación de grandes grupos de combatentes, sendo famoso o exemplo da División do Miño, posteriormente vital na recuperación das cidades

2. Aínda que esta vila non foi ocupada permanentemente, sendo só base das tropas galas de Ney en xaneiro de 1809 e Soult a fins de febreiro e finais de marzo dese ano (González López 1975).

de Vigo, Marín ou Tui. Xa o 3 de marzo, as agresións galas provocaron o levantamento da comarca de Trasdeza, reunida ese día en Silleda, no lugar da Feira, por chamada dos capitáns do Batallón Literario compostelano³, Gregorio e Benito Martínez, estudantes enviados ex-profeso por La Romana dende o seu cuartel (González López 1975/Osuna Rey 2008), que tiveron resonancia nos curas, mordomos e veciños decididos da bisbarra. A de Trasdeza, coa de Monforte de Lemos, Valdeorras, Lobeira e Caldevergazo, foron exemplos principais dun tipo de organización que se foi espallando por toda Galicia, principalmente na metade sur. Con todo, estas xuntas de alarma e a súa organización tiveron, segundo os casos, maior ou menor forza e retraso na súa constitución en función do grao de sentimento de colectividade que dominaba nos distintos territorios e a influencia dos grupos de evadidos das cidades ocupadas que se foron incorporando nas milicias.

Os meses de maio e xuño, a pesares dos novos esforzos bélicos chegados de Portugal (Soult) e Madrid (Kellerman), son os que amosan a incapacidade dos franceses para estabilizar a súa estancia en Galicia. As datas que marcan a perda do dominio napoleónico e a liberación das vilas comezan xa na última parte da segunda fase coa de Vigo, o 28 de marzo, e se van xeneralizando dende esta data ao longo do mes de abril coa de Marín o día 4, ou Tui o día 16, que foi abandonada tras ser socorridas as forzas francesas alí cercadas. Xa ben entrados en maio, a reconquista de Santiago, o día 23, foi para algúns autores (Pérez de Guzmán y Gallo 1913)

3. Segundo o artigo de José María Moar “*El Correo de Galicia, nº 5470, 22 de abril de 1919*”, escorzo biográfico da figura de José Dionisio Valladares, último abandeirado do Batallón de Cadetes Literarios. Este corpo militar estudiantil comezou a formarse en maio de 1808 e foi aprobado pola “Junta superior del armamento y defensa de Galicia”, compoñéndose de 1200 homes e sendo criado finalmente o 15 de xuño de 1808 segundo o propio Valladares, aínda de Moar leva a bendición da súa bandeira no altar de Santiago Apóstol o 12 de xullo. Foi nomeado o Marqués de Santa Cruz de Rivadulla, Sr. Armada, como Coronel co grao de Brigadier por elección dos seus compañeiros, dotando ao mesmo de oficiais, sarxentos e cabos procedentes do exército. Ós estudantes concedéuselles o grao de cadetes e de subtenentes aos licenciados. Anota (Pérez Constanti 1908) que segundo o “*Diario de Santiago do 22 de xuño de 1808*”, o batallón estaba formado por 6 compañías de 130 homes cada unha. (Parga y Sanjurjo 1908), firmada a paz de 1814 o batallón foi refundido no de Voluntarios de Barcelona, “*sexto de Ligeros*”.

o inicio da retirada definitiva, fuxida que se produciu finalmente o 30⁴ de xuño de 1809, cando o mariscal Ney partiu da Coruña e tomou a estrada de Castela, recollendo en Betanzos e Lugo as guarnicións destas prazas e as de Ferrol, así como os feridos que fora deixando o xeneral Soult, para acadar Astorga en seis xornadas (Oman 1902).

2.- A IMPORTANCIA ESTRATÉXICA DO RELEVO E DA REDE VIARIA EN TRASDEZA E PONTE LEDESMA

O ambiente natural, especialmente o terreo, é un factor de notable importancia á hora de explicar os feitos bélicos, sendo decisivo, conxuntamente co factor humano e o armamento, na sorte dos mesmos (Hernández Pacheco 1955). Eran pois factores fundamentais na sorte das guerras tanto o medio físico, no referente ao relevo e ós cursos fluviais, como as vías de comunicación e a localización dos principais centros urbanos. Non faltan exemplos de batallas na Península que confirman estes feitos, tal é o caso de Torres Vedras, Albuera, Os Arapiles e Bailén. En Galicia, a estremada compartimentación do relevo, desenvolvido en numerosas celas desniveladas e sucadas por ríos que forman vales encaixados, é especialmente acaída para emboscadas e guerrillas, con especial significación daqueles emprazamentos nos que se elevaron pontes de certa talla. O control militar sobre o territorio dependía destas dúas circunstancias que, emparelladas, explican que os puntos clave dos sucesos bélicos en Trasdeza en 1809 fosen Ponte Ledesma e os tramos fluviais encaixados de Carboeiro, Taboada e Pereiro.

No emprazamento de Ponte Ledesma tivo especial relevancia tamén a disposición do terreo, acompañada naquelas datas por unha profusa vexetación de mato, piñeirais e árbores de ribeira. A paisaxe galega na Idade Moderna contaba cun espazo arborado limitado e unha notoria ocupación agraria, algo que deixou patente o Catastro de Ensenada a mediados do século XVIII e algúns autores certifican subliñando a deforestación á que se chegou entre os séculos XVII, XIX e inicios do XX (Bouhier 1979/

4. Trátase da data máis próxima coñecida, indicada por Charles Oman como a da saída segura por Pedrafitá do Cebreiro e chegada a Astorga. Posiblemente fose o 29 cando os franceses deixan Galicia e acadan, ao día seguinte Astorga.

Gutián Rivera 2002). Sen embargo, a excepción eran os tramos encaixados dos ríos e as súas abas próximas, nos que se mantiña unha mesta cuberta vexetal. Con esta certeza, o relevo e vexetación nos tramos encaixados dos ríos trasdezáns eran factores cruciais para reter ás tropas francesas e minalas a base de baixas por emboscadas en guerrillas. É fácil asumir, entón, que o coñecemento que os nativos tiñan do terreo era vital para facer fronte a tropas que, senón en número, eran superiores en potencial bélico. O despregue das tropas españolas nos arredores de Ponte Ledesma e as súas escaramuzas cos franceses demostraron a importancia deste coñecemento pormenorizado, pero non foi o único caso. No leste e norte de Galicia foron numerosas as baixas provocadas polas partidas de milicianos adoutrinados pola curia e os nobres locais, sendo un fiel reflexo desta vantaxe. Non lonxe de Ponte Ledesma, no outro paso de importancia no tramo baixo do río Ulla, a Ponte Veá, as crónicas da época aseguraban, segundo un artigo xornalístico de Moar, que nos ataques a vantaxe acompañaba sempre aos paisanos polas boas posicións que elixían para parapetarse, obrigando aos franceses a que deixasen de frecuentar o paso do Ulla por Veá.

No caso concreto de Ponte Ledesma e dos enfrontamentos que se sucederon entre o 6 e o 9 de marzo de 1809, así coma outras liortas e controles de paso que se manifestaron en abril e maio do mesmo ano, a topografía concreta tivo un papel fundamental para que as tropas locais acadaran un equilibrio de forzas cos mellor formados e armados franceses. As contornas deste paso fluvial presentan unha compartimentación e unha disimetría entre as marxes norte e sur que deixa en desigualdade as posicións ocupadas por ambos bandos. Xa os xeólogos do século XIX falaban da notoria diferenza existente entre as terras que se desenvolvían ao norte e ao sur do río Ulla (López Bedoya 2021b). Cara setentrión o relevo, resólvese en onduladas chairas elevadas, froito da suave disección fluvial sobre moi antigas superficies de aplanamento das que existe aínda controversia en relación coa súa xénese, pero que poderían circunscribirse na súa primixenia formación ao período paleóxeno (66Ma-34Ma) (López Bedoya 2021a). Na abas de Pontevedra, a presenza de importantes eventos e bloques tectónicos desnivelados cara ao oeste e nas proximidades da costa e da plataforma continental, provocaron que a rede fluvial modelase un relevo moi distinto,

máis escabroso e resolto en tramos fluviais encaixados sobre unha sucesión de numerosas celas montañosas que complican visual e topograficamente o relevo. Así, as tropas galegas tiñan unha vantaxe diferencial, pois podían achegarse á Ponte Ledesma ao tempo que parapetarse e fragmentarse, a modo de varios exércitos, en distintas partidas próximas entre si. Pola súa parte, os franceses tiñan que apostarse nunha gradaría mais tendida e aberta, utilizando as ladeiras altas e medias dende as que a artillería perdía poder e alcance. Así queda reflectido no combate do día nove de marzo, (Pardo de Andrade 1912b), cando os franceses necesitan facer descender as pezas de artillería e a infantaría ata as inmediacións da ponte ao non acadar a segunda das posicións locais no alto que media entre Ponte Ledesma e Ponte Cira, provocando finalmente a necesidade de levar a cabo unha emboscada por retagarda acubillados dende as alturas de Camanzo para interferir na axuda entre as distintas posicións galegas.



*Fig. 1. As chairas fluviais do Ulla dende a igrexa de Ledesma.
As desiguais condicións fisiográficas ó norte e sur do río Ulla
foron determinantes no desenvolvemento da batalla*

Por outra banda, na guerra, o coñecemento viario era fundamental. A información ó respecto podía apoiarse en exploradores locais ou a partir dunha cartografía fiable. Os datos que se teñen desa época, para esta comarca, son claros: tanto a rede viaria como a cartografía eran

notoriamente deficientes (López Bedoya 2021b). Por exemplo, os científicos exploradores e os cartógrafos dan testemuña nas súas memorias de campo⁵ que non era doado atopar informadores que coñecesen máis alá do territorio próximo aos seus lugares de morada e traballo, nunha escala vital que se circunscibía pouco máis alá do conxunto de parroquias lindeiras. No referente á cartografía, os historiadores e xeógrafos alertaban de que, para Galicia, os mapas eran inexactos, pouco precisos, froito de sucesivos intentos que só melloraban a nivel gráfico pero que reproducían, por copia, os erros acumulados da cartografía dos séculos XVII e XVIII. Se para a costa as cartas en xeometría esférica do Almirante Tofiño foran un adianto, para o interior, a correcta xeoreferenciación dos accidentes físicos, as vilas e os camiños, tivo que agardar á “*Carta Xeométrica*” de Domingo Fontán (1834 e 1845). O informe de Cornide para a provincia de Santiago do ano 1789 deixa clarividencia da problemática viaria e das necesidades de mellora. Isto tivo que influír negativamente nas tropas francesas, pola incerteza e limitacións para o transporte de tropas e artillería, mentres que favorecía a defensa de guerrillas das levas galegas.

Un dos puntos clave nas comunicación de Galicia na época napoleónica era a Ponte Ledesma. Trátase dun paso estratéxico histórico que une as actuais provincias de A Coruña e Pontevedra, nos concellos de Boqueixón (parroquia de Ledesma) e Vila de Cruces (parroquia de Gres). A súa importancia queda patente en textos xeográficos e históricos (Ferreira Priegue 1988/Nardiz Ortiz 1991) tanto a nivel viario e comercial como bélico. A calamitosa situación da rede viaria galega ata a segunda metade do século XVIII tentaba artellarse nos escasos camiños denominados “*de rodas*”, recaendo o peso do transporte nos camiños “*reais*” (Piñeiro Rivas 2017). Estes tiñan como obxectivo enlazar o territorio coas súas numerosísimas feiras (Miralbés Bedera e Casas Torres 1974) e aproveitaban, como base do seu trazado, a rede medieval ou romana.

5. Por exemplo o xeólogo Guillermo Schulz en 1832 e 1833 durante o traballo de campo para elaborar a “*Descripción Xeognóstica e o Mapa Petrográfico do Reino de Galicia*”, e Domingo Fontán no seu caderno de notas durante a realización da “*Carta Geométrica de Galicia (1817-1834)*”.

Dentro desta trama o camiño de Santiago a Ourense, de traza xeográfica transversal, estaba considerado como un dos principais de Galicia, malia que o seu estado era malo (Cornide Saavedra 1789). Segundo a descrición deste autor⁶, a pouco de saír de Santiago bifurcábase en Cruceiro de Sar nos camiños da Barca do Ulla e de Ponte Ledesma. Esta última opción foi tomada polos exércitos franceses nas campañas de marzo 1809. Varias eran as vicisitudes que aconsellaban tal decisión: por unha banda, o camiño da barca non posuía unha ponte de talla que neutralizara as medras do río de Santa Lucía en inverno; por outra, a barca que funcionaba por non ter reconstruída a ponte alí existente trala rotura de 1718 limitaba o peso e a rapidez de paso sobre a arteria fluvial, sendo un branco fácil e dado a sabotaxes; ademais, trala barca, as dificultades do camiño non remataban, pois unha “*montaña rápida*” dificultaba o trazado e o transporte; sumando impedimentos, algúns treitos deste trazado en Trasdeza atopábanse sen “*formar*” por falta de dilixencia administrativa; máis ao Oeste, no río Ulla, a Barca de Sarandón non era tampouco unha alternativa viable.

O camiño de Ponte Ledesma, sen embargo, constituía unha alternativa máis sólida para calquera tipo de transporte pesado. Esta vía permitía enlazar coa descrita anteriormente na Feira de Bandeira e na taberna do Salgueiro, ofrecendo alí posibilidades de novas conexións. Unha delas seguía para a Feira da Estrada e outra xa continuaba cara Ourense. Por iso, a decisión de ir por Ponte Ledesma non minguaba en absoluto as posibilidades de proxectar posteriormente os tránsitos que permitía a Barca do Ulla, asegurando a comunicación tanto coa metade occidental de Galicia como coa oriental. Pasado o río Ulla, o camiño seguía cara

6. Joseph Cornide actuaba como vogal, dende 1782, da “*Junta Nacional de Caminos*”, designado polo Rei en resposta á petición de todas as cidades do Reino de Galicia, pero a súa designación por parte do Conde de Floridablanca en 1783 para realizar o informe camiñeiro dende Santiago recaiu sobre el pola súa faceta ilustrada e condición de xeógrafo con notables campañas de campo. Respondeu en debida forma non só elaborando o documento senón tamén “*para cuyo desempeño tuvo que recorrer en diversas direcciones más de 300 leguas confrontando, arreglando y emendando los poco correctos mapas que hasta ahora se han impreso del Reino*” (Cornide Saavedra 1789).

Ourense ata a Feira de Bandeira pola Ponte Cira (recompsta a inicios do século), pero tamén conectaba coa Feira de Cruces subindo por Piloño e Carbia, para enlazar posteriormente con camiños importantes como o de A Coruña pola ponte San Xusto e a Ponte Nova, pasos fundamentais para as mercadorías procedentes de O Ribeiro. Deste modo o propio Cornide indicaba que se trataba dun nó de comunicacións extraordinario no que se xuntaban, na Susana, os comerciantes da costa e das rías, os de Bergantiños e outros puntos con destino a Melide, Lugo e Monforte así como numerosos lugares de importancia do interior de Galicia.

Dende a perspectiva dos franceses, o epistolario exposto por Balagny demostra que a praza de Santiago e os pasos próximos do Ulla eran un lugar clave para ter información e desprazarse por toda Galicia. En xaneiro de 1809 o mariscal Soult escribe ó xeneral Franceschi e lle ordena: “*chegar a Santiago con tropas reunidas o 17 do mesmo mes e unha vez tomada posición, tratar de obter novas sobre a columna anglo-española que collera a estrada de Ourense, e debería enviar partes, establecer comunicacións e realizar recoñecementos nas zonas de Vigo, Pontevedra, Ourense, Monforte, Baía de Arousa, e despexar todo o interior de Galicia*” (Balagny 1906: 236).

A importancia conxunta de ambos factores, o físico e o viario, queda reflectida nun feito que atinxe ó episodio bélico do 19-21 de marzo nas terras de Trasdeza. Segundo o xuíz de Montes, Alonso de Soto, na data do 21 de marzo, o paso dos franceses pola comarca de Soutelo de Montes foi máis unha exploración, sen se afastar do camiño real porque descoñecían a topografía do país e temían caer en emboscadas (Pérez 1918). Estas variables explican tamén que o paso de Ledesma e a vía que unía Santiago con Ourense, xunto coa súa derivación por Montes cara Pontevedra, fosen as que tanto franceses como galegos percorreran preferentemente nos diferentes traslados de tropas e incursións no territorio en litixio.

A primavera de Trasdeza. Entre marzo e maio de 1809.
Factores físicos e cronoloxía dos feitos bélicos asociados á batalla de Ponte Ledesma



Fig. 2. O mapa da Antiga Provincia de Santiago dividido en 13 partidos, de 1812, pertencente ó “Mapa Geográfico del Reyno de Galicia”, permite entender a importancia estratéxica do dobre paso de Ponte Ledesma e Ponte Cira (círculo branco), mediante pontes estables, facilitando unha rápida conexión entre Santiago, Pontevedra e Ourense apoiados polas pontes de Carboeiro, Taboada e Pereiro.

3.- TRADEZA TERRITORIO BÉLICO. CRONOLOXÍA DOS FEITOS

No que se refire ós enfrontamentos armados, o paso de Ponte Ledesma era, sen dúbida, de grande importancia estratéxica para as tropas pois, a nivel bélico, o territorio reunía os caracteres físicos propios dun campo de batalla, un deses escenarios nos que “a sangue chega ó río”.

A reconstrución dos feitos acaecidos en Trasdeza entre marzo e maio de 1809 parten das propias actas da “Junta de Trasdeza” (no sucesivo A Xunta) transcritas polo Pai Legisima en 1912, logo utilizadas por outros autores.

Do mesmo xeito, consultáronse obras escritas dende a perspectiva das tres principais potencias implicadas nas liortas napoleónicas na Península: Inglaterra, Francia e España. Se pola parte británica destaca a obra de Charles Oman (1903), do lado francés acudimos principalmente ós escritos de Napoleón recollidos por Balagny (1906) e ás propias aportacións deste autor. No lado español son variados os libros e artigos publicados ao respecto dos combates en Galicia, entre os que son esclarecedores os de SPHLC (1809 y 1810), García del Barrio (1811), Pardo de Andrade (1812a y 1812b), Rodríguez Legísima (1912), Artaza Malvárez (1912), Estrada Catoyra (1916), Moar (1920), González López (1975), González Lopo (2010). Por fin, ofrecen unha información de extraordinario valor os libros de defuntos e fábrica das parroquias próximas e os protocolos notariais de diversos escribáns da época, especialmente polo seu contido e número os de Pedro Antonio Gómez. Todos eles complementan a información bibliográfica de maneira notable.

A partires destas fontes é posible establecer varias fases nos enfrontamentos comarcais, principalmente encadradas dentro da segunda fase anotada por (González Lopo 2010), na que os desfases e a violencia das hostes napoleónicas levou a un levantamento popular coa Xunta que secundaba os movementos iniciais noutras comarcas afectadas próximas ó corazón de Galicia e o paso fluvial de Ponte Ledesma tivo especial relevancia. Por último, os acontecementos finais están a cabalo coa terceira fase de (González Lopo 2010), aquela que ben caracterizada pola evidencia para os franceses dunha manifesta incapacidade para estabilizar a súa estancia en Galicia e manter o territorio controlado baixo o seu poder. Se ben algúns autores (González López 1975) falan das tres enfrontamentos ou batallas consecutivas en Ponte Ledesma entre o 6 e o 9 de marzo de 1809, veremos que este punto ten un activa participación nas liortas rexionais mediante pola existencia dun continuo control entre forzas que vai máis alá destas datas, acollendo de maneira intensa os meses de marzo, abril e maio de 1809.

O inicio da con frecuentes escaramuzas acaecidas a inicios marzo de 1809. A escalada de violencia entre os bandos, resposta dos abusos franceses e á súa vez estes das respostas contundentes dos paisanos, dará lugar a unha

etapa de enfrontamentos abertos que se reúnen nos combates dos días 6, 8 e 9 de marzo, cada vez de maior calibre pola concentración de forzas, tendo o paroxismo na terceira das batallas, a máis famosa, a do día 9 de marzo. A partir da citada data existe un control de forzas que durarán ata e o mes de maio, momento no que ocorre a toma ou reconquista de Santiago⁷ e a famosa División do Miño avanza aproveitando dúas circunstancias favorables: por unha banda a ausencia de Ney, quen ía tras La Romana, acantonado en Oviedo (Estrada Catoyra 1916); e por outra, a decisión de Sault, que se dirixira de Ourense a Lugo por Chantada e se atopaba polo menos a 16 ou 20 leguas de distancia (Artaza Malvárez 1912). Entre tanto, as penetracións dos franceses no Trasdeza, ás veces perseguindo a caudillos como Cachamuíña, outras veces como represalia ás vitorias galegas noutras comarcas, por veces buscando avituallamento, sucedéronse, e algunhas foron moi sanguentas.

Unha das orixinalidades que caracterizaron os enfrontamentos de Trasdeza foi a desigual composición entre as dúas forzas que permanentemente litigaron loitando por controlar este territorio, con desprazamentos e comportamentos moi distintos: por unha banda, as tropas galas, que utilizaban o eixo viario para trasladar tropas, avituallarse e como correo entre as vilas de Santiago, Ourense e Pontevedra; pola outra, a modo de guerrillas, ás veces pouco disciplinados e organizados, sen formación militar específica, sen cabalaría nin artillería, exceptuando as compañías de tiradores, mal avitualladas, as milicias dirixidas pola Xunta e os irmáns Martínez, que mantiveron uns movementos máis continuados, pero menos localizados e dispersos polo territorio, con constantes comunicacións con Terra de Montes, onde Cachamuíña e as súas tropas estableceran a súa residencia tralo abandono do Cuartel de Boborás (González López 1975).

Outra variable fundamental para entender historicamente estas liortas no referido á presenza de tropas españolas en Ponte Ledesma é o protagonismo dos membros do Batallón Literario. As súas fazañas foron

7. A “Reconquista de Santiago” é, para Artaza Malvárez (1912) o inicio da retirada do exército francés de Galicia.

recollidas por Estrada Catoyra. Este autor indica que os “*Literarios*” apoiaron ós paisanos na defensa de Ponte Ledesma ante varias tentativas de forzalo por parte das tropas francesas; tamén que prestaron unha inestimable axuda en Ponte-Cira, cando Lacet figurou unha retirada falsa en Ponte-Ledesma. Os capitán do Batallón, Gregorio e Benito Martínez, foron enviados polo Marqués de La Romana para levantar ás masas e reunir ós estamentos eclesiástico e civil para loitar contra o invasor. Acompañando a estes capitáns asignáronselles dúas compañías de tiradores. O SPHLC nº 49 de outubro de 1810, relata que estas de tiradores quedaron apostadas en Ponte Ledesma, contando con 68 homes, aclarando Pardo de Andrade que se trataba de 68 por cada unha. O tempo de permanencia destas compañías de tiradores neste enclave dá testemuña da importancia bélica do paso. O SPHLC (1810, nº 49) reforza a importancia deste paso ao aclarar que houbo que avituallar ás compañías de tiradores que estiveron acampadas ata o 19 de marzo e, novamente, dende o 24 de marzo ata o último de abril. Este feito foi confirmado por Pardo de Andrade, que engade que foi o día 28 de abril cando estas compañías recibiron ordes para partir cara Terra de Montes.

O terceiro factor caracterizador, posiblemente o máis importante, foi o da creación e actividade da Xunta de defensa de Trasdeza, que chegou a ser a máis popular de cantas se formaron en Galicia. Esta foi fundamental non só pola súa vitalidade, senón tamén pola súa posición territorial estratéxica. Formada e fomentada polos citados capitáns do Batallón Literario, sumábanse sacerdotes, mordomos, veciños e un escribán que actuaba como secretario da mesma. Atopábase con seguridade constituída e lista para actual o 6 de marzo co obxectivo de controlar a vía Santiago-Ourense tal e como desexaba o Marqués de La Romana. Como poder de convocatoria utilizaron a forza do sentido de pertenza a escala de parroquia, unidade vital dos galegos, que foi adquirindo nesa unión unha proxección comarcal, a seguinte escala territorial que a poboación tiña no desempeño das actividades económicas e sociais. A empresa seguro que tivo os seus atrancos, pois non sería fácil poñer en acordo distintos intereses e realidades. Algunhas testemuñas de viaxeiros da época, como Schulz, aseguran que os galegos tiñan moi

pouco coñecemento do territorio que había máis alá das súas aldeas e parroquias, sendo pouco precisas as indicacións ós viaxeiros e os nomes dos lugares que se divisaban no horizonte (López Bedoya 2021). Por iso, a reunión de aldeas e parroquias en xuntas só podía fraguarse en resposta á devastación producida polo paso das tropas galas e a través do ímpeto e poder de convicción dos estamentos militar e eclesiástico. A principal función militar da Xunta de Trasdeza era cortar a vital estrada xeral que unía as cidades de Ourense e Santiago, impedindo o libre desprazamento das tropas francesas, e o punto clave para iso era o control de Ponte Ledesma (González López 1975).

4.- PRIMEIRA FASE: PRIMEIROS DE MARZO ANTES DOS COMBATES DE PONTE LEDESMA

Os límites espaciais deste traballo non permiten, de forma exhaustiva, trazar unha axenda diaria e pormenorizada dos feitos acaecidos entre principios de marzo e finais de maio do ano 1809. Retrotraendo uns meses antes a análise cronolóxica, a mesma se podería iniciar o 19 de decembro de 1808 onde existe constancia do alistamento de 148 homes da xurisdición de Trasdeza e coutos agregados.

O 3 de marzo se celebra a 1ª Xunta Governativa de Trasdeza, non existindo referencias a outras anteriores. Composta polos que pasarán á historia como verdadeiros heroes da Comarca, procederon a realizar a elección do persoal e das diversas misións. Os primeiros momentos en que se leva a cabo a defensa do paso fluvial acontecen o día 4, sendo significativo o 5 para entender como se levaba a cabo avituallamento de tropas e organización de “*alarmas*”. O día 6 ten lugar o primeiro enfrontamento cos franceses. O 7 se reforzan as posicións e ao seguinte acontece un novo enfrontamento onde as “*compañías de tiradores*” (González Murado 2008)⁸, son a causa da fuxida da infantaría e cabalería francesa.

8. Segundo González Murado (2008) eran 11 curas e 24 mordomos ademais de veciños de 23 parroquias do distritos, ás que se lles xuntaron tamén as do Coto de Refoxos, chegando aun conxunto de 85 persoas.



Fig. 3. A capela do Couto, adro e inmediacións foron escenario da reunificación das forzas galegas o día 9 de marzo en retirada para deliberar. O ataque definitivo parte deste lugar e comeza en Ponte Cira

5.- SEGUNDA FASE: A BATALLA DE PONTE LEDESMA

O terceiro enfrontamento de marzo en Ponte Ledesma, o máis glorificado por autores e literatos, é o do 9 de marzo. Non é para menos, pois as baixas entre os galegos e a superioridade dos franceses déronse ao caso. Pero as mortes entre os locais e a devastación nos lugares non foron expostas na súa crueza. As fontes bibliográficas varían na contabilidade das mortes galegas do día 9. Por exemplo, Amigos da Ponte falan de 6 no bando galego diante das 200 do francés. Sen poder dar cifras contrastadas o certo é que é posible que as baixas polo bando galego foran moito maiores. As mesmas razóns que se esgrimen para destacar a heroicidade do bando local, que logrou parar e repeler o ataque napoleónico varios miles de labregos pouco preparados e con armamento deficiente diante de 2000 soldados profesionais con canóns e baionetas, serven para entender a necesidade de revisar o desequilibrio desta vitoria.

Do mesmo xeito é necesario matizar a aparente inocuidade da resposta francesa e do seu discorrer polo territorio galego, onde asasinaron e queimaron aldeas sen contemplación, tanto no ámbito xeográfico que estamos traballando como noutros. Para entender os desmandes, ou como titulaba en noticia periodística o bacharel Pérez en 1917 “*Las demasías de los invasores*”, resultan interesantes as testemuñas directas do xeógrafo Domingo Fontán, esgrimidas nas Cortes españolas ante a acusación de afrancesamento para o sabio de Portas, notas aportadas por (Carmargo Sánchez 2015).

Entrando nos sucesos, ás oito da tarde deste día vívese un momento de gloria no Cuartel xeral do Monte, onde se sabe da vitoria das hostes galegas sobre as francesas na Ponte Ledesma. O relato informa de que dende o amencer, os franceses acoden con artillería e dispóñense a levar unha estratexia envolvente coa cabalería sobre a ponte para contrarrestar as posicións galegas. As tropas locais medraran novamente e se achegaban aos 6.000 efectivos (González López 1975), non quedando nas casas máis que todos aqueles que non podían empuñar armas: “*apenas quedaron en las casas de toda la jurisdicción, más que niños, viejos y enfermos*” (Pardo de Andrade 1892b: 164). Os galegos, ao mando do Comandante Principal D. Gregorio Martínez, aínda que armados, tiveron que loitar contra unha forza cun poder moi superior, que roldaba os 2.000 soldados, pois non contaban con artillería nin cabalos, nin con formación militar a excepción das dúas compañías de tiradores. Se é segura a medra das tropas diante dos días anteriores, as cifras varían bastante, habendo testemuñas como o cura de Gres, que levan a cifra de franceses a 1.500 e outros (Amigos da Ponte 2015) que deixan a cifra de galegos en 2.000, mentres (Pardo de Andrade 1892b: 169) seguindo ás crónicas da “Xunta” fai superar os 2.500 combatentes estranxeiros.

Tamén é necesario matizar o feito de que os galos non foron quen de pasar a Ponte Ledesma. O número e localización das vítimas desa xornada (ver Fig. 1) indica que, como anotou (Río Fernández 1919), o día 9 os franceses conseguiron superar a ponte e percorreron as parroquias de Camanzo e Añobre matando e queimando as aldeas, morte que continuaron

provocando no seu regreso a Santiago. O número de mortos polo bando español recollido nos libros de defuntos das parroquias implicadas aporta unha cifra algo superior a 60, pero cabería considerar, tendo en conta as baixas francesas, que a cifra tivo que ser maior.

Gregorio Martínez descobre o inimigo en crecido número, contando con cabalería e infantería ademais de pezas de artillería. A súa idea era permanecer na ponte, resistir, salvo que os “*violentos*”, dos que non dispoñía para responder, fixeran dano aos seus tiradores, dispostos nas inmediacións da ponte. A columna napoleónica descendía coa cabalería diante dende a altura ao norte de Ledesma, traendo na retagarda toda a tropa de infantería que protexía no seu centro as dúas armas de artillería. Dispostas estas armas apuntando cara ás tropas españolas dispuxeron os franceses facer descender un “*trozo*” de infantería que se separou cara á esquerda e cara á dereita.

Comezou entón a traballar a artillería sobre as posicións españolas da segunda división, a disposta na altura entre Ponte Ledesma e Ponte Cira, que tiña a función de socorrer a tiradores e lanceiros que se atopaban a ambos as dúas beiras da ponte, e que dende esa posición, obturaran a ponte con pedras e madeiros para impedir o paso dos galos.

A infantería francesa chegou entón á distancia dun tiro de fusil, momento no que as tropas locais responderon cos tiradores. O enfrontamento dura unhas dúas horas, non deixando de actuar sobre a segunda división a artillería, coa aparente intención non só de causar baixas senón de evitar a axuda á primeira das divisións, a sita na ponte, xa que o alcance da artillería remataba a poucos metros diante das posicións elevadas dos paisanos galegos, como testemuña (Pardo de Andrade 1892b: 166) cando di “*a pesar de que las balas caían a sus pies hasta cubrirlos de tierra*”.

Non sendo efectiva esta estratexia, as hostes napoleónicas deciden achegar a artillería baixándoa ata posicións que podían facer máis dano a tiradores e lanceiros da ponte, mandando retirar por ambos os dous

9. Interpretamos que a palabra “*violentos*” se refire ós elementos de artillería.

flancos á infantaría. Os escachos no lugar son maiores, derribando parte das proteccións que os defendían dos impactos, provocando brechas nas casas do cura e do ferrador, na que se guarnecían os lanceiros.

O ataque francés, achegando a cabalería á ponte, foi entendido entón por D. Gregorio Martínez, como unha estratagem que o fixo desconfiar dalgún tipo de emboscada. Por iso, deixou ao cargo da compañía ao tenente D. Francisco Pena, e subiu con catro tiradores a un “*despeñadero*” da parte de Camanzo, que interpretamos que tivo que ser Castromouzo ou Porto Carreiro (a media ladeira), por claras evidencias de visibilidade e proximidade ao campo de batalla. Dende o mesmo observa que o seu temor era fundado e ve a unha columna inimiga que avanzaba a paso violento cara as alturas de Gres para cortar en Ponte Cira o paso da terceira división, a traseira de apoio.

Esta circunstancia hai que relacionala co fracaso de controlar as barcas de Gondufe, acción vital para evitar ataques traseiros e que fora encargada ó destacamento de Carboeiro. Traizón ou negligencia, se decide mandar despachos para que as tropas retrocederan e se retiraran ata a Capela do Couto, entre Ponte Cira e Bandeira.

É o momento de valorar a desfeita provocada polos franceses nesa tarde do día nove cando, aproveitando a retirada das tropas españolas, pasando a Ponte Ledesma e achegándose dende as alturas de Camanzo ata a Ponte Cira, posición que xa rebasaran tamén, provocaron nas aldeas da marxe esquerda do Ulla. Os libros de Defuntos existentes¹⁰ nas parroquias da beira meridional do río indican que ese día e o seguinte morreron 7 persoas en Añobre, 22 en Camanzo e 7 en Gres.

A chegada das forzas galegas de novo, exhortados polos comandantes, tenentes e curas reunidos na Capela do Couto, provocaron a retirada

10. Arquivo Histórico Diocesano Santiago (A.H.D.S.). Fondo parroquial Camanzo y Añobre. Libros Sacramentales. Difuntos 1770-1853. N.º 11; AHDS. Fondo parroquial Camanzo y Añobre. P 5707. Libros Sacramentales. Difuntos 1770-1853. N.º 11; AHDS. Fondo parroquial Gres. Libros Sacramentales. Bautizados 1783-1858. Difuntos 1783-1858. Casados 1783-1858 N.º 2

dos franceses, que segundo Pardo de Andrade, non puideron castigar aos rebeldes. Sen embargo, as mortes ocorridas nesta tarde nas aldeas citadas fala dunha devastación moi diferente. Na retirada, din os cronistas que os galos, que de seguro tiveron baixas, malia que non se poden confirmar as elevadas cifras que este último autor cita, utilizaron a casa do ferrador e outras para recoller e queimar os mortos. O citado autor indica que os queimados superaron os 200 e que ademais tiráronse ao río entre sesenta e setenta, contando con parecido número de feridos. O que si é seguro é que se queimaron as casas. A memoria popular fala do río tinguido de vermello pola sangue dos mortos e feridos (Natalí González Cacho, comunicación persoal do escoitado aos veciños maiores do lugar de Ponte Ledesma). As crónicas da “Xunta”, transcritas por Pardo de Andrade atribúen ás tropas locais só 4 mortos, dous afogados e 21 feridos graves.

Outra das consecuencias materiais directas, máis alá da queima da aldea, foron segundo estas crónicas a queima de 6.000 racións de pan e o vertemento de 24 moios de viño que se atopaban na Ponte Cira. Estas racións proviñan, seguramente, polo menos en parte, da paneira de Penadauga e Laro, que fora obxecto de requisa o día anterior por parte da “Xunta”, coa orde de facer pan para avituallamento das tropas.

Parece que ás catro da tarde os franceses se baten en retirada e os galegos retoman as posicións perdidas coa retirada. Volvendo atrás en sentido inverso, isto lévanos a pensar que as mortes en Camanzo, Gres e Añobre (tendo en conta de que unha das mortes foi a do cura da parroquia de Gres, D. Fernando Meijome, que apareceu morto dun balazo a primeira hora da tarde no monte de Castromouzo) tiveron lugar a primeira hora da tarde e que o ascenso a Castromouzo de Martínez cos tiradores e a retirada española se tivo que dar a última hora da mañán. Se o descenso da artillería para o segundo ataque puido ter ocorrido a mediodía e con anterioridade houbo dúas horas de enfrontamento armado na ponte Ledesma, co tempo de tomar posicións inicialmente, é posible que os inicios da liorta tiveran lugar entre as nove e as dez da mañá.

A primavera de Trasdeza. Entre marzo e maio de 1809.
Factores físicos e cronoloxía dos feitos bélicos asociados á batalla de Ponte Ledesma




Fig. 4. A Batalla de Ponte Ledesma: 9 de marzo de 1809.
O mapa base é a Carta Xeométrica de Domingo Fontán (1817-1834)

- (1E) Nos días anteriores dende o día 4 ata a mesma mañán do 9 xúntanse derredor de 4000 homes distribuídos en 3 liñas: a primeira no extremo sur da ponte, á dereita unha compañía de tiradores de 68 combatentes e á esquerda da mesma uns 800 miliciáns; a segunda nunha elevación traseira cara Ponte Cira, con outra compañía de tiradores e unha tropa de 1000 miliciáns; a terceira consistía nunha tropa de 2000 miliciáns na propia Ponte Cira.
- (1F) Ás oito da mañán divísanse as tropas británicas polos altos de Campo Rapado procedentes do campamento do Monte de Rubio. Diante a cabalería e detrás a infantería protexendo a artillería.
- (2F) A artillería comeza a disparar contra á segunda liña das tropas españolas dispostas nun alto do camiño de Ponte Cira.
- (2E) A artillería francesa non acada por pouco á segunda liña apostada no alto entre as pontes Ledesma e Cira e non pode curtar o apoio traseiro ás tropas e tiradores apostados na ponte.
- (3F) Necesitando maior alcance, fan descender as pezas de artillería ladeira abaixo e suben á infantería a posicións superiores, proseguendo os ataques facendo mella na primeira liña de posicións.
- (3E) O descenso da artillería francesa provoca graves danos nas casas do cura e o ferrador.
- (4F) Tras dúas horas de fogo os franceses finxe unha retirada pero envían infantería a atravesar o río por unha barca coa fin de emboscar ós trasdezáns curtando o apoio da retagarda.
- (4E) Gregorio Martínez temendo unha emboscada ascende ata Castromouzo con 4 tiradores para recoñecer as alturas augas arriba do Ulla.
- (5E) O destacamento apostado na ponte de Carboeiro desatende o paso das barcas de Gondufe, permitindo o paso de cabalería pola retagarda ata os altos de Camanzo. Martínez descobre a chegada dos franceses polos altos de Camanzo e reúne as tropas.
- (5F) Dende os altos de Camanzo descenden cara as aldeas para curtar o posible apoio da retagarda española e provocan numerosos mortos nas aldeas.

- (6E) O ataque francés pola retagarda obriga a unha retirada das tropas españolas.
- (6F) Coa retirada os franceses superan a Ponte Ledesma e pechan a emboscada, perseguindo aos españois ata a Ponte Cira, ponte que chegan a superar.
- (7E) Pasada a Ponte Cira decídese unha reunificación de todas as tropas na Capela do Couto para deliverar.
- (7F) Fálase de que os franceses, na Ponte Cira, queiman 6000 racións de pan e 24 moios de viño das vituallas galegas.
- (8E) Decídese atacar ás tropas francesas a primeira hora da tarde, causando baixas e facéndolas retroceder ata Ponte Ledesma.
- (8F) O ataque español fai retroceder ós franceses ata Ponte Ledesma causándolles baixas estimables.
- (9F) Valorando as baixas e a relativa derrota deciden meter os mortos (darredor de 50) na casa do Ferrador, plantarlle lume e provocar un incendio.
- (9E) Chegados a Ponte Ledesma os galegos descubren o incendios e os mortos deixados na liorta.
- (10E) Consumada a victoria, un emisario leva a noticia ata o cuartel da Casa do Monte, onde chega a noticia ás 20:00 horas.
- (10F) A última hora da tarde volven para Santiago e o Monte do Rubio. Van deixando mortos polo camiño (1 en Aríns, 1 en Sergude e 5 en Lamas).

6.- TRAS A BATALLA DE PONTE LEDESMA

Tras a batalla, as actas da Xunta de Trasdeza e outra documentación citada, reflicten os feitos cronolóxicos acontecidos en 23 días dos meses de marzo, abril e maio. Os acordos tomados versan sobre o papel exercido pola Xunta Governativa de Deza, dirixida por D. Domingo Antonio Crespo Ruibal, sobre a importante labor levada a cabo polos espías da Comarca ou polo troco do cuartel xeral para o lugar de Transfontao.

Das crónicas dos días 18 e 19 de marzo se desprende que os franceses unicamente puideron saciar a súa rabia e coraxe con pobres vellos labregos, mulleres e nenos de Trasdeza; as do 1 ao 8 de maio resumen a saña coa que o inimigo atacou e queimou casas e almacéns en Aciveiro, Xestoso, Escuadro, Moalde, Manduas...



Fig. 5. A Penadauga, escenario da Xunta do 15 de marzo e lugar no que se atopa a importante paneira que avituallou ás tropas españolas

7.- A RELEVANCIA DO ESTAMENTO ECLESIAÍSTICO EN TRASDEZA

O activo papel que moitos representantes eclesiásticos exerceron na contenda, foi de vital relevancia para o desenlace da mesma. Cregos e frades da Galicia rural, de Trasdeza e doutros lugares, se lanzaron á loita armada como guerrilleiros, soldados ou soportes de apoio á tropa.

Foron 11 os curas da xurisdición que se xuntaron o día 3 de marzo de 1809 no Campo de Silleda, formando parte da Xunta Governativa de Trasdeza, pasando 2 deles, o de Grava e o de Refoxos, a exercer de vogais. A súa labor de notarios da historia queda por exemplo reflectida, no Libro de Fábrica da parroquia de Gres, onde o cura D. Fernando Méijome transcribía durante a

mañá do día 9 de marzo a chegada dos franceses onde “*matan y el fuego reduce a cenizas las mejores casas de Gres con algunas del lugar de Puente Ledesma*”. O propio sacerdote foi vítima da cabalería francesa no monte de Castromouzo esa mesma tarde. Dous días despois, o 11 de marzo, o licenciado D. Josef Blanco Gil, cura de Oural e Ledesma o enterraba na capela maior da igrexa de Gres así como a outras vítimas das tropas invasoras.

Non esqueceremos o infatigable celo de inflamar os sentimentos dos veciños que exerceu o cura de Santa María de Val (Agolada), que acosou ao inimigo nas lindeiras terras de Melide e “*alarmou aos seus fregueses contra os exércitos franceses*”.

8.- OUTROS ASPECTOS DA CONTENDA

Pretende o presente traballo situar a Ponte Ledesma como un lugar de continuo control entre forzas, que vai mais alá dunhas datas concretas. Ben é verdade que os enfrontamentos mais sanguinarios tiveron lugar no transcurso da primeira quincena do mes de marzo de 1809. Ademais de ser un punto clave para as comunicacións de Galicia por tratarse dun paso estratéxico de unión entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, tratamos de reflectir a memoria histórica deste enclave fluvial que mais alá da data concreta dunha batalla, debe ser conmemorado coma un lugar onde “*permanentemente*” durante eses meses claves da contenda, os cidadáns de Trasdeza e coutos agregados e continuos, lograron conter ás tropas de Napoleón. Así mesmo, resáltase a influencia do medio físico nos desenvolvemento dos feitos, fundamental para que as tropas locais acadasen un equilibrio de forzas cos mellores armados franceses.

Nunha ampliación do presente artigo, se pretenderá afondar nunha serie de aspectos sociais, culturais e económicos que foron consecuencia da ocupación do territorio galego por parte de forzas invasoras. Entre eles: roubos de xoias en igrexas e outros inmobles, xuros de Guerra, avituallamentos (situación das paneiras de Trasdeza ou posteriores preitos cos mosteiros de Aciveiro e San Paio), afrancesados (delitos de “*infidencia*”) ou pegadas na toponimia da nosa terra “*viña do francés*”, son entre outros, aspectos a ter en conta.




Fig. 6. Lugares e feitos da Primavera de Trasdeza entre marzo e maio de 1809 a partir dunha compilación das fontes bibliográficas e documentais aludidas no texto

Non debemos deixar no esquecemento a labor dos escribáns da Comarca, que non só se limitaron a transcribir actas bélicas, senón que as súas plumas outorgaron documentos cargados dun elevado simbolismo social. Numerosos son os protocolos notariais sobre testamentos de soldados, cesións de bens, fianzas por fillos chamados a filas, exencións militares ou mesmamente promesas de matrimonio...

BIBLIOGRAFÍA

- Amigos da Ponte¹¹ (2015). *Ponte Ledesma. 9 arcos de auga, pedra e historia*. Teófilo Edicións, 124 pp.
- Artaza Malvarez, R. de (1912). *Reconquista de Santiago en 1809*. Imprenta de Tejada y Martin, 102 p.
- Balagny, P. (1906). *Campagne de l'empereur Napoléon en Espagne (1808-1809)*. Tome 4 / par le commandant breveté Balagny. 1902-1907. Berger Levrault et Cie, Libraires Éditeurs, 552 pp.
- Bouhier, A. (1979). *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. Imprimerie Yonnaise, 2 volúmenes, 1516 pp.
- Camargo Sánchez, C. (2015). *Domingo Fontán en la universidad compostelana*. Fundación Domingo Fontán. Diciembre de 2015.
- Cornide Saavedra, J. (1789): *Informe sobre los caminos de Galicia. Presentado por el autor a instancias del Conde de Floridablanca*. Archivo General del Reino de Galicia, Papeles de Cornide, Leg. 88, nº 216.
- El Conde de Toreno (1839). *Historia del Levantamiento, Guerra y Revolución de España*. Tomo III. Imprenta de Galván a cargo de Mariano Arévalo. Méjico. 322 pp.
- Estrada Catoyra, F. (1916). *Historia de los Ejércitos Gallegos durante la Guerra de la Independencia*. Tipografía de El Eco Franciscano, 256 pp.

11. Amigos da Ponte é una Asociación composta por Araceli Illobre Vispo, Alejandra Fernández Vilela, Carlos Pérez Amado, Paula Mendoza Fernández, Sara Barreira Barreiro e María Inmaculada Fernández Cepeda, autores dos textos da obra, a quenes agradecemos a súa colaboración na realización deste traballo.

- Gallego Domínguez, O. (1987) *Ferias y mercados en la provincia de Orense*, Boletín Avriense, XVII (1987), pp. 131-203.
- García del Barrio, M. (1811). *Sucesos militares de Galicia en 1809 y operaciones en la presente guerra del Coronel Manuel García del Barrio. Comisionado del Gobierno para la restauración de aquel reyno, y electo comandante general por los patriotas gallegos*. Cádiz, en la Imprenta de Vicente Lema, 27 pp.
- González López, E. (1919). *El águila gala y el buho gallego. La insurrección gallega contra los franceses*. Ediciones Galicia. Centro Gallego de Buenos Aires, 550 pp.
- González Lopo, D.L. (2010). *El Águila vencida: los franceses en Galicia (1809). Reflexiones críticas acerca de un capítulo de la Guerra de Independencia española*. En Martins, F. E Vaz, F. O “Saque de Évora” no contexto da Guerra Peninsular. Memória, História e Património. Capítulo 3, pp. 63-89. Publicações do Cidehus, Centro Interdisciplinar de História, Culturas e Sociedades da Universidade de Évora, Biblioteca-Estudios & Colóquios, nº24, 229 pp.
- González Murado, O. (2008). *A Guerra da Independencia na Provincia de Lugo*. Lucensia, Miscelánea de Cultura e Investigación, nº 37, vol. XVIII. Estudios, pp. 203-224.
- Guitián Rivera, L. (2002). *La destrucción histórica del bosque en Galicia*. En Guitián Rivera, L. y Pérez Alberti, A. (Eds.) *Historia Ecológica de Galicia*. Semata, Revista de Ciencias Sociais e Humanidades, vol. 13, pp. 105-166, Universidade de Santiago de Compostela, 286 pp.
- Hernández Pacheco, E. (1955). *Fisiografía del solar hispánico*. Memorias de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales. Serie de Ciencias Naturales, 16 (T. 1 y 2). 665+793 pp.
- Legísima, J.R. (1912). *Héroes y mártires gallegos. Los franciscanos de Galicia en la Guerra de la Independencia*.
- López Bedoya, J. (2021a). *Patrimonio geomorfológico en Galicia (Noroeste de la Península Ibérica). Metodología para el análisis, valoración, gestión y transmisión del conocimiento de su geomorfodiversidad*. Tesis de Doctorado. Universidad Nacional de Cuyo (Mendoza, Argentina), 2 809 pp.

- López Bedoya, J. (2021b). *Guillermo Schulz en el corazón de Galicia. Las valiosas interpretaciones de un geólogo alemán en el noreste de la provincia de Pontevedra (1832-1833)*. Anuario Descubriendo Deza, nº 14, pp. 369-409.
- Martínez-Valverde, C. (1980). *El alzamiento contra el invasor en Galicia, en 1809*. Revista de historia militar, Año 24, nº 48, pp. 49-90.
- Miralbes Bedera, M^a.R. y Casas Torres, J.M. (1974). *Mercados periódicos de Galicia. Distribución espacial, rango y área de influencia*. Universidad de Santiago, CSIC, Madrid.
- Moar, J.M. (1919). *Don José Dionisio Valladares. Ilustrísimo Señor*. El Correo de Galicia, nº 5.470, p. 1, 22 de abril de 1919.
- Moar, J.M. (1920). *La Jurisdicción de Vea. El Patriotismo de Vea*. El Compostelano, nº 217, p. 1. 29 de octubre de 1920.
- Nárdiz Ortiz, C. (1992). *El Territorio y los Caminos en Galicia. Planos Históricos de la Red Viaria*. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. Xunta de Galicia.
- Núñez Lendoiro, J.R. (2013). *La ocupación de Betanzos y sus tierras por los franceses en 1809: 163 días de suplicio en La Voz del Pueblo*. Ayuntamiento de Betanzos, 493 pp.
- Oman, Ch. (1902). *A History of the Peninsular War*, Volume I. Jan.-Sept. 1809: From The Treaty of Fontainebleau to the Battle of Corunna. The Project Gutenberg EBook of A History of the Peninsula war, Vol. I 1807-1809 / (1903). *A History of the Peninsular War*, Volume II. 1807-1809: From the Battle of Corunna to The End of the Talavera Campaign.
- Osuna Rey, J.M. (2008). *A Guerra de Independencia en Galicia*. Edicións Lóstrego, 151 pp.
- Pardo de Andrade, M. (1892a). (1892b). *Los Guerrilleros Gallegos de 1809. Cartas y relaciones escritas por testigos oculares, publicadas en 1809 y 1810*. Tomo I y Tomo II. Andrés Martínez Ed.
- Pérez, “El Bachiller” (1917). *Recuerdos de la Guerra de la Independencia. Demasiás de los Invasores*. Diario de Galicia, 14 de agosto de 1917, Año X, nº 2.799, p. 1. / Diario de Galicia, 13 de enero de 1918, Año XI, nº 2.943, p. 1.

- Pérez Constanti, J.A. (1908). *El Marqués de Santa Cruz de Ribadulla. Jefe del Batallón Literario de 1808*. En Galicia, Fascículo Primero, Número Único, pp. 33-35. 80 pp.
- Parga y Sanjurjo, J.A. (1908). *Galicia en la Guerra de la Independencia*. En Galicia, Fascículo Primero, Número Único, pp. 49-50. 80 pp.
- Pérez de Guzmán y Gallo, J. (1913). IV. *Reconquista de Santiago en 1809*. Por D. Ramón de Artaza. Madrid: Imp. de Tejada. Boletín de la Real Academia de la Historia, pp. 430-435, 28 de febrero de 1913).
- Piñeiro Rivas, C. (2017). José Cornide: un historiador ilustrado. Tesis Doctoral UNED, 537 pp.
- Río Fernández, L. (1918). *Guerra de la Independencia*. Imprenta de la Viuda de Laudín, 111 pp.
- Semanario político, histórico y literario de La Coruña (S.P.H.L.C.) (01/1809). Nº 20, pp. 457-478 / (01/08/1810). Nº 48, pp. 1131-1152 / Nº. 49 (15/08/1810), pp. 1155-1176.